

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego

Modificación das Bases reguladoras da convocatoria de axudas á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia da Coruña a través do apoio ao investimento en bens inventariables (PEL Emprande Investimento 2019)

ANUNCIO

R.P. 2020/2082 de 24 de xaneiro de 2020 polo que se modifican as bases reguladoras da convocatoria de axudas á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia da Coruña a través do apoio ao investimento en bens inventariables (PEL Emprande Investimento 2019)

Primeiro.–Por Resolución da Presidencia número 2019/8039, de data 28 de febreiro de 2019, aprobáronse as bases reguladoras da convocatoria de axudas á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia da Coruña a través do apoio ao investimento en bens inventariables (PEL Emprande Investimento 2019).

Segundo.–Por Resolución de Presidencia número 2019/8972, do 11 de marzo de 2019, apróbese a convocatoria de axudas á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia da Coruña a través do apoio ao investimento en bens inventariables (PEL Emprande Investimento 2019), finalizando o prazo de presentación de solicitudes o día 11 de abril de 2019 ás 14:00 horas.

Terceiro.–Por Resolución de Presidencia n.º 2020/2082, do 24 de xaneiro de 2020, aprobase a modificación das bases reguladoras do programa de axudas á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia da Coruña a través do apoio ao investimento en bens inventariables (PEL Emprande Investimento 2019), que se transcribe de seguido:

Modificación da Base 4.–SUBVENCIÓN, CONTÍAS E PERIODOS SUBVENCIONABLES

Base actual:

“As entidades poderán presentar un orzamento mínimo de gasto de 2.500,00 € e un máximo de 25.000,00 € (excluído o IVE), do cal poderán solicitar, como máximo, o 80%.

O importe máximo da subvención a conceder é de 20.000,00 € (excluído o IVE).

Importe mínimo do orzamento de gastos	2.500,00 €
Importe máximo do orzamento de gastos	25.000,00 €
Importe máximo a solicitar	20.000,00 €
Importe máximo a conceder	20.000,00 €
Porcentaxe máxima a conceder (sobre o importe máximo do orzamento de gasto)	80%

Con carácter xeral, os investimentos deberán de ser realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019. De maneira excepcional, poderán subvencionarse gastos realizados con posterioridade ao 31 de decembro de 2019 nos termos que se establezan nas mencionadas bases reguladoras de convocatorias de subvención dirixidas a entidades privadas da Deputación da Coruña para a anualidade 2019”.

Base modificada:

“As entidades poderán presentar un orzamento mínimo de gasto de 2.500,00 € e un máximo de 25.000,00 € (excluído o IVE), do cal poderán solicitar, como máximo, o 80%.

O importe máximo da subvención a conceder é de 20.000,00 € (excluído o IVE).

Importe mínimo do orzamento de gastos	2.500,00 €
Importe máximo do orzamento de gastos	25.000,00 €
Importe máximo a solicitar	20.000,00 €
Importe máximo a conceder	20.000,00 €
Porcentaxe máxima a conceder (sobre o importe máximo do orzamento de gasto)	80%

Con carácter xeral, os investimentos deberán de ser realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019. De maneira excepcional, poderán subvencionarse gastos realizados con posterioridade ao 31 de decembro de 2019 nos termos que se establezan nas mencionadas bases reguladoras de convocatorias de subvención dirixidas a entidades privadas da Deputación da Coruña para a anualidade 2019.

Nos supostos excepcionais nos que se estimen as solicitudes con posterioridade ao 31 de decembro de 2019, a resolución de estimación deberá contemplar un prazo máximo dun mes para a realización do investimento contado desde a data que se notifique a resolución de estimación do recurso”.

Como resultado do anterior cambio o texto definitivo das bases resultante é o seguinte:

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS Á CONSOLIDACIÓN E AO FORTALECIMENTO DO TECIDO EMPRESARIAL NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA A TRAVÉS DO APOIO AO INVESTIMENTO EN BENS INVENTARIABLES. (Liña 2.1: PEL-Emprende Investimento 2019)

1. DENOMINACIÓN, FINANCIAMENTO E LIÑAS XERAIS DA TRAMITACIÓN.

1.1. Denominación.

As presentes bases teñen por obxecto regular as axudas para a consolidación e o fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia da Coruña a través do apoio ao investimento en bens inventariables. (Liña 2.1: PEL-Emprende Investimento 2019).

As axudas enmárcanse na liña 2.1. do Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña para o período 2016-2019. O Plan de Emprego Local constitúe unha estratexia integrada de cooperación para o desenvolvemento sustentable da provincia que ten como principal obxectivo fixar poboación nos concellos da provincia e contribuír a un crecemento sustentable dos mesmos promovendo a creación de emprego estable e de calidade a nivel local e facilitando a empregabilidade das persoas en situación de desemprego, especialmente no ámbito rural.

1.2. Financiamento.

As axudas financiaranse con cargo ao Orzamento Xeral da Deputación para o exercicio 2019 na aplicación orzamentaria 0510/24100/771 por importe de 1.740.000,00 €. O devandito importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.

A contía máxima dentro dos créditos dispoñibles, destinada á subvención convocada para o exercicio 2019 é a seguinte:

Aplicación orzamentaria	Créditos dispoñibles
0510/24100/771	1.740.000 €

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento de crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa do mesmo servizo.

1.3. Liñas xerais da tramitación.

Polo que se refire ao tipo de tramitación, esta realizarase de maneira telemática. A tramitación telemática aplicarase a todas as fases do procedemento: solicitude, desistencia, concesión, renuncia e xustificación, incluíndo en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e/ou documentación, e os envíos dos documentos que fosen necesarios para tramitar os expedientes.

Conforme ao disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, notificarase ás persoas interesadas as resolucións e actos administrativos que afecten aos seus dereitos e intereses. A resolución da solicitude de subvención, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, de conformidade co establecido nos artigos 41 a 46 da indicada Lei 39/2015, farase mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará na páxina web da Deputación á cal se remitirá o texto publicado no Boletín Oficial da Provincia.

2. FINALIDADE E OBXECTO.

A finalidade destas axudas é contribuír á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia da Coruña a través do apoio ao investimento en bens inventariables de pequenas, medianas empresas e microempresas en calquera das modalidades xurídicas existentes, favorecendo aquelas actividades económicas recollidas

na Estratexia Española de Activación para o Emprego 2017-2020, consideradas con mellores perspectivas. As presentes bases teñen por obxecto regular as axudas para o ano 2019 da Liña 2.1: axudas á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia da Coruña a través do apoio ao investimento en bens inventariables incluídas dentro da liña PEL-EMPRENDE: Apoio á creación de empresas no ámbito local.

3. DESTINATARIOS/AS.

3.1. Requisitos.

Os/as destinatarios/as destas axudas son pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas promotoras de iniciativas empresariais no ámbito provincial da Coruña, que teñan ánimo de lucro e que con anterioridade á data de publicación da convocatoria destas axudas, reúnan os seguintes requisitos:

3.1.1. Comúns a persoas físicas e xurídicas:

1. Ter o domicilio fiscal nalgún municipio da provincia da Coruña.
2. Ter actividade económica con ánimo de lucro.
3. Ter unha antigüidade máxima de 5 anos de exercicio continuado na actividade empresarial para a que solicita a axuda.

3.1.2. Específicos.

Persoas físicas:

1. Estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista de colexio profesional, cunha antigüidade ininterrompida máxima de 5 anos anteriores á data de publicación da convocatoria destas axudas.

Persoas xurídicas:

1. A data de constitución da empresa, atendendo á data de primeira inscrición no Rexistro público correspondente, debe ter unha antigüidade máxima de 5 anos, anteriores á data de publicación da convocatoria destas axudas.

3.2. Exclusionés.

Non poderán ser solicitantes destas axudas, as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens, ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado, carentes de personalidade xurídica propia.

Tampouco poderán ser solicitantes da axuda as asociacións, os autónomos colaboradores, as sociedades civís en calquera das súas formas xurídicas e as corporacións de dereito público (confrarías...).

4. SUBVENCIÓN, CONTÍAS E PERIODO SUBVENCIONABLE

As entidades poderán presentar un orzamento mínimo de gasto de 2.500,00 € e un máximo de 25.000,00 € (excluído o IVE), do cal poderán solicitar, como máximo, o 80%.

O importe máximo da subvención a conceder é de 20.000,00 € (excluído o IVE).

Importe mínimo do orzamento de gastos	2.500,00 €
Importe máximo do orzamento de gastos	25.000,00 €
Importe máximo a solicitar	20.000,00 €
Importe máximo a conceder	20.000,00 €
Porcentaxe máxima a conceder (sobre o importe máximo do orzamento de gasto)	80%

Con carácter xeral, os investimentos deberán de ser realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019. De maneira excepcional, poderán subvencionarse gastos realizados con posterioridade ao 31 de decembro de 2019 nos termos que se establezan nas mencionadas bases reguladoras de convocatorias de subvención dirixidas a entidades privadas da Deputación da Coruña para a anualidade 2019.

Nos supostos excepcionais nos que se estimen as solicitudes con posterioridade ao 31 de decembro de 2019, a resolución de estimación deberá contemplar un prazo máximo dun mes para a realización do investimento contado desde a data que se notifique a resolución de estimación do recurso.

5. CONCEPTOS DE GASTO SUBVENCIONABLES.

Os conceptos de gasto subvencionables nesta liña son os seguintes, de acordo coa Resolución da presidencia n.º 2016/12 de 04/01/2016, pola que se aproban as instrucións reguladoras da codificación dos conceptos de gasto que son obxecto de subvención provincial.

Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles investimentos que resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento da actividade da empresa.

Conta	Descrición da conta, segundo o Plan xeral de contabilidade
206	Aplicacións informáticas Nesta conta considerarase exclusivamente: importe satisfeito pola propiedade ou polo dereito ao uso de programas informáticos adquiridos a terceiros. Tamén inclúe os gastos de desenvolvemento das páxinas webs (nova creación, actualización e melloras substanciais), sempre que a súa utilización estea prevista durante varios exercicios. (Quedan excluídos expresamente: hosting, dominios, mantementos da aplicación informática, canons...).
213	Maquinaria Conxunto de máquinas ou bens de equipo mediante os cales se realiza a extracción ou elaboración dos produtos. Nesta conta figurarán todos aqueles elementos de transporte interno que se destinen ao traslado de persoal, animais, materiais e mercadorías dentro de factorías, talleres, etc. sen saír ao exterior. (Quedan excluídos expresamente: os elementos de transporte, o material funxible para a realización da actividade...)
214	Utilillaxe Conxunto de utensilios ou ferramentas que se poden empregar autónoma ou conxuntamente coa maquinaria, incluídos os moldes e plantillas e que sexan necesarios para a realización da actividade. (Quedan excluídos expresamente: o material non inventariable (informático, de oficina, etc), material funxible para a realización da actividade (materias primas, produtos de limpeza e aseo, e outros aprovisionamentos), material cultural inventariable (instrumentos musicais, cámaras de fotos, altofalantes, libros e Cds para biblioteca, etc.), vestuarios, sinalización, extintores...)
216	Mobiliario Mobiliario, material e equipos de oficina, agás dos que deban figurar na conta 217. (Quedan excluídos expresamente: obras, reparacións, instalacións, artigos de decoración, televisores, alumeado, aparatos de climatización...)
217	Equipos para procesos de información Ordenadores e demais conxuntos electrónicos. (Quedan excluídos expresamente: os sistemas de seguridade, telefonía...)

Consideracións respecto aos investimentos a solicitar:

- Con carácter xeral, quedan expresamente excluídas en todos os conceptos contables as instalacións, os mantementos, os portes, as reparacións, obras, reformas, alugueres, rotulacións, instalacións técnicas (climatización, iluminación...).
- Debe de tratarse de investimentos en elementos novos, directamente relacionados coa actividade, non cedidos a terceiros, con o sen contraprestación e que non fosen fabricados pola empresa solicitante.
- O IVE non se considerará, en ningún caso, gasto subvencionable.
- Os/as beneficiarios/as non poderán, en ningún caso, en virtude do artigo 29.7 d) da Lei Xeral de Subvencións, executar total ou parcialmente os investimentos subvencionados con persoas ou entidades vinculadas que sexan obxecto da subvención provincial.

6. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS.

6.1. Con outras axudas do Plan de Emprego Local e de outras administracións/entidades públicas.

Estas subvencións serán incompatibles con calquera outra axuda pública ou privada para financiar os mesmos bens subvencionados por esta convocatoria, así como con calquera outra concedida por esta Deputación fóra das concedidas ao amparo do PEL.

As entidades incluírán na xustificación a declaración doutros ingresos, axudas ou recursos recibidos.

6.2. Réxime de minimis.

A axuda establecida nestas bases queda sometida ao réxime de minimis:

A axuda total de minimis concedida a unha única empresa non excederá de 200.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais.

Cando se trate dunha empresa que realice por conta allea operacións de transporte de mercadorías por estrada, o importe total das axudas de minimis concedidas non excederán de 100.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais, sen que estas axudas pódanse utilizar para a adquisición de vehículos de transporte de mercadorías por estrada.

Cando se trate dunha empresa no sector agrícola, a axuda total de minimis concedida non excederá de 15.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais.

Cando se trate dunha empresa no sector da pesca e a acuicultura, a axuda total de minimis concedida non excederá de 30.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais.

Os límites das axudas de minimis serán os previstos nesta convocatoria, ou os que estén en vigor no momento da concesión da subvención.

7. FORMA, PRAZOS E DOCUMENTACIÓN DA SOLICITUDE.

7.1. Forma.

As entidades interesadas en participar na convocatoria de axudas á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial a través do apoio ao investimento en bens inventariables, deberán comunicar a súa vontade de adhesión á mesma, cumprimentando os campos da solicitude da plataforma SUBTeL e a memoria técnica, a través do apartado correspondente á convocatoria da plataforma telemática SUBTEL (na páxina web www.dacoruna.gal) mediante a firma dixital do seu representante legal. A memoria técnica constará de dous partes: un check- list (dispoñible en Subtel) e un modelo para cumprimentar (anexo III).

En todo caso, teranse por non presentadas aquelas solicitudes rexistradas en formato papel.

Non se aceptarán memorias que superen as 2 páxinas de extensión (tamaño letra: 11), nin aquelas presentadas fóra do prazo de presentación de solicitudes establecido na convocatoria, constituíndo a súa presentación en tempo e forma un requisito esencial do procedemento, cuxo defecto non poderá emendarse.

Será necesario que o/a solicitante declare e se comprometa co cumprimento dos requisitos recollidos na base 3. DESTINATARIOS e coas obrigacións e compromisos pertinentes relativos á base 11, que estarán dispoñibles en formato listas de chequeo na Plataforma de tramitación telemática de solicitudes de subvención (SUBTEL) no momento da presentación da solicitude.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de maneira telemática é imprescindible que o solicitante, no caso de persoas físicas, e o representante legal da entidade, cando se trate de persoas xurídicas, dispoñan de sinatura electrónica.

Non se admitirá máis dunha solicitude por entidade. Considérase unha soa entidade, todas aquelas nas que os/ as socios/ as ou membros da Xunta Directiva sexan comúns nunha porcentaxe superior ao 50% ás vinculadas nos termos establecidos na Lei Xeral de Subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puidesen encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

Non axustarse aos termos desta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os/as solicitantes da axuda consenten que os datos deste expediente queden incorporados aos ficheiros informáticos da Deputación da Coruña. Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados en ficheiros cuxa finalidade é conter os datos das persoas que participan nos programas financiados pola Deputación, inscritos na Axencia Española de Protección de Datos e poderán ser incluídos na páxina web. O órgano responsable do ficheiro é a Deputación provincial da Coruña e a dirección onde o/a interesado/a poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición diante da mesma é a Avda. Porto, núm. 2, 15006 A Coruña.

7.2. Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria do presente programa no Boletín Oficial da Provincia, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

7.3. Documentación a presentar.

No momento da solicitude, as entidades deberán subir á plataforma telemática SUBTeL, a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos a data anterior á publicación da convocatoria.

7.3.1. Documentación xeral:

- **Anexo I.** Declaración de minimis. Os/as solicitantes da axuda deben declarar as axudas públicas recibidas baixo o réxime de minimis nos tres últimos anos. (Só no caso dos/as solicitantes que teñan solicitado/recibido outras axudas públicas baixo o réxime de minimis nos tres últimos anos).
- **Anexo II.** Autorización de representación para a presentación da solicitude no caso de non coincidir coa persoa solicitante (no caso de persoas físicas), ou co representante legal da entidade (no caso de persoas xurídicas).
- **Anexo III.** Memoria técnica da empresa.
- Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal Tributaria actualizado.
- Documentación acreditativa de pertenza a colectivos con discapacidade, en exclusión, ou en risco de exclusión social do/a solicitante ou das persoas socias que posúan como mínimo o 50% do capital social da entidade, no caso de persoas xurídicas.

- Se se opta ao incremento na valoración da solicitude por persoa con discapacidade: certificado de discapacidade emitido pola Administración Competente vixente con data da publicación da convocatoria.
- Se se opta ao incremento na valoración da solicitude por persoa en situación de exclusión social ou de risco de exclusión social: certificado de ser perceptor/a da renda de inclusión social de Galicia ou certificado emitido polos servizos sociais acreditativo da devandita situación social vixente a data de publicación da convocatoria.

Os anexos correspondentes a esta liña de axudas estarán dispoñibles e poderán ser descargados na plataforma telemática Subtel no momento de presentar a solicitude e en cada unha das fases de tramitación da axuda.

7.3.2. Documentación específica:

Persoas físicas:

- Duplicado de resolución de alta no Réxime Especial de Traballadores por conta propia ou autónomos actualizado, ou de darse o caso, no colexio profesional e mutualidade que corresponda.

Persoas xurídicas:

- Escritura de Constitución da entidade e as súas modificacións ou variacións posteriores (se as houberse), ou calquera outro documento análogo no que figuren os estatutos, estipulacións ou contratos privados, así como a inscrición no rexistro público correspondente no caso de estar obrigados.

8. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E APROBACIÓN.

O procedemento de concesión das subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

“A efectos desta lei, terá a consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nestas bases reguladoras e na convocatoria, e adjudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios”.

No caso de que o crédito dispoñible para esta convocatoria non sexa suficiente para sufragar todas as axudas solicitadas, a selección das peticións e a contía das subvencións realizarase trala valoración das solicitudes de acordo aos baremos establecidos na base 9. Valoración das solicitudes.

Para a valoración das solicitudes presentadas, nomearase por resolución da presidencia unha Comisión de Valoración que estará composta por tres empregados públicos da Deputación Provincial da Coruña, actuando como secretario o xefe de Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. A comisión poderá estar asistida por persoal experto na materia.

A Comisión valorará e puntuará as solicitudes presentadas conforme a criterios de obxectividade, igualdade e non discriminación dentro das dispoñibilidades orzamentarias e perseguindo a maior repercusión posible das axudas no ámbito territorial, en función dos criterios establecidos na Base 9.

A unidade encargada da tramitación do expediente, á vista da documentación que nel consta e da acta da comisión avaliadora, formulará un informe-proposta de resolución de concesión, debidamente motivado, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía, e especificará a súa puntuación, avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectualas, así como as solicitudes desestimadas por non acadar a puntuación mínima establecida en función do crédito dispoñible.

No caso de producirse empate na puntuación, atenderase á data e á orde de presentación da solicitude, para realizar o desempate destas solicitudes.

Exceptúase a obriga de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, para o caso de que o crédito consignado na convocatoria fose suficiente, atendendo ao número de solicitudes unha vez finalizado o prazo de presentación segundo o artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que a Unidade Xestora, detecte calquera deficiencia na documentación achegada, realizará requirimento ao solicitante, para que a emende a través da plataforma SUBTEL, dispoñendo dun prazo de 10 días naturais para aceptar a notificación e 10 días hábiles desde a devandita aceptación para a corrección das deficiencias requiridas. No caso de non emendar no devandito prazo, teráselle por desistido da súa petición.

A Presidencia da Deputación ditará resolución de concesión definitiva, que deberá notificar aos/as interesados/as mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A resolución de concesión deberá conter a relación dos/as solicitantes aos/as que se lles concede a subvención, e a desestimación expresa das restantes solicitudes.

9. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES.

A valoración de cada memoria técnica presentada, que reúna os requisitos esixidos nesta convocatoria, realizarase sobre un total de 100 puntos que se outorgarán atendendo aos seguintes criterios específicos de valoración:

PEL EMPRENDE INVERSIÓN			
Calidade da Memoria Técnica e adecuación aos obxectivos do Plan de Emprego Local (PEL)			
	CRITERIOS DE VALORACIÓN	ASPECTOS A VALORAR	PUNTUACIÓN MÁXIMA (100 puntos)
1	Tipo de empresa (Máximo 10 puntos)	Empresario individual ou autónomo	10 puntos
		Microempresa (Entre 0 e 10 traballadores/as)	8 puntos
		Pequena empresa (Entre 11 e 50 traballadores/as)	6 puntos
		Mediana empresa (Entre 51 e 250 traballadores/as)	4 puntos
2	A forma xurídica da entidade está enmarcada na economía social (Máximo 10 puntos)	Cooperativa Sociedades laborais	10 puntos
3	Poboación do municipio onde se sitúa o enderezo fiscal segundo o IGE a data do 01.01.2019. (Máximo 10 puntos)	Menor ou igual a 2.000 habitantes	10 puntos
		De 2.001 a 4.000 habitantes	8 puntos
		De 4.001 a 5.000 habitantes	6 puntos
		De 5.001 a 10.000 habitantes	5 puntos
		De 10.001 a 19.999 habitantes	4 puntos
4	Presenza feminina dos/as promotores/as (Máximo 10 puntos)	Se a persoa promotora, no caso de persoas físicas, é unha muller, ou no caso de persoas xurídicas, un mínimo do 50% do capital social pertence a mulleres socias da entidade solicitante	10 puntos
5	Presenza de persoas con diversidade funcional (Máximo 10 puntos)	Se a persoa promotora, en caso de persoas físicas, ou en caso de persoas xurídicas, un mínimo do 50% do capital social pertence a persoas socias da entidade cunha discapacidade igual ou superior ao 33% recoñecida pola Administración competente, ou se encontran en situación ou risco de exclusión social certificado polos servizos municipais correspondentes.	10 puntos
6	Non ter sido beneficiario/a na convocatoria PEL Emprende Inversión 2018 (Máximo 10 puntos)	O/a solicitante non foi beneficiario/a desta axuda na convocatoria PEL EMPRENDE INVERSIÓN 2018	10 puntos
7	A actividade económica da empresa está clasificada nunha das seguintes consideradas con mellores perspectivas segundo a Estratexia Española de Activación para o Emprego 2017-2020 (Máximo 10 puntos)	Hostalería e turismo Recuperación do comercio polo miúdo Comercio polo xunto Transporte e lóxística Educación Sanidade Servizos sociais Servizos avanzados ás empresas (Considerarase incluídas nestas actividades económicas, aqueles códigos de IAE incorporados no Anexo VI destas bases)	10 puntos
8	Mellora da competitividade da empresa gracias ao investimento realizado (Máximo 10 puntos) A cubrir no Anexo III memoria	Optimización de custos	5 puntos
		Mellora na satisfacción dos clientes	3 puntos
		Internacionalización ou expansión da empresa	2 puntos
9	Innovacións que se introducen de organización e/ou tecnolóxicas en canto ao proceso ou produto gracias á inversión realizada (Máximo 10 puntos) A cubrir no Anexo III memoria	Innovacións que se introducen relacionadas coa organización da empresa (novas formas de traballo, mellor clima laboral, mellora nos procesos internos e servizos externos que brinda a empresa...)	5 puntos
		Innovacións tecnolóxicas que se introducen na empresa (relacionadas cos procesos de fabricación, lóxística ou distribución e/ou relacionadas cos produtos ou servizos)	5 puntos
9	Aplicación de medidas de Responsabilidade Social Empresarial (Máximo 10 puntos) A cubrir no Anexo III memoria	Aplicación de medidas de RSE no ámbito da conciliación laboral, familiar e persoal e promoción da igualdade de xénero	4 puntos
		Aplicación de medidas de RSE no ámbito social	3 puntos
		Aplicación de medidas de RSE no ámbito ambiental	2 puntos
		Aplicación de medidas de RSE no ámbito económico	1 punto

10. PRAZO DE RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN.

O prazo máximo para resolver será de 6 meses a contar desde o día de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, de acordo co artigo 25.4 da Lei Xeral de Subvencións.

A resolución notificarase aos interesados segundo o previsto no artigo 40 da Lei 39/2015 e publicarase no BOP e na páxina web do Plan de Emprego Local (<https://emprego.dacoruna.gal/>).

11. COMPROMISOS E OBRIGAS.

As persoas ou entidades beneficiarias, deberán cumprir cos seguintes compromisos e obrigas:

- Non estar nin ter estado incurso en expediente de regulación de emprego, regulación ou despedimento improcedente, nin en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, nos últimos 5 anos anteriores á data de publicación da convocatoria no BOP.
- Autorizar á Deputación para obter as certificacións acreditativas de que se atopan ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Tributaria, Seguridade Social e Deputación desde a data de presentación da solicitude de subvención.
- Cumprir todos os requisitos indicados nas bases, así como manter a forma xurídica que figure na súa solicitude, desde a data de publicación da convocatoria da axuda e durante un período mínimo de dous anos, salvo causa de forza maior. En caso contrario, o beneficiario/a estará obrigado a reintegrar na Tesourería da Deputación a subvención percibida.
- Cumprir coa normativa de minimis e declarar ao presentar a solicitude, que non supera os límites establecidos na devandita normativa para o seu sector.
- Destinar os bens subvencionados ao fin concreto para o cal foi concedida a subvención por un período mínimo de dous anos desde a adquisición do ben.
- Comunicar a través da Plataforma de Tramitación Telemática (SUBTeL) calquera modificación que afecte á solicitude inicial realizada sen que en ningún caso implique aumento do investimento, nin dos conceptos de gasto concedidos xa que estes consideraranse vinculantes e non se poden modificar pois supoñerían un cambio de obxecto.
- Xustificar o cumprimento dos obxectivos, requisitos, condicións e da finalidade suxeita á subvención, someténdose ás actuacións de comprobación e control, que poderá efectuar a Deputación da Coruña, así como outras comprobacións e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, internos ou externos, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Declarar no momento de presentación da solicitude que non presenta máis dunha solicitude por entidade segundo o indicado na base 7.1.
- Declarar no momento da xustificación, a non obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.
- Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo coa lexislación vixente en dita materia.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación da subvención recibida, incluídos os documentos electrónicos, que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.
- Dar publicidade, nos termos establecidos na resolución de concesión, ao carácter público do financiamento do investimento realizado, figurando expresamente nos bens adquiridos ou en lugar visible no centro de traballo, logotipo da Deputación e mención expresa ao Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña e a súa convocatoria específica: PEL Emprnde Investimento 2019. O mesmo tipo de publicidade realizarase nun lugar preferente da páxina web da empresa, de existir esta, durante dous anos desde a adquisición dos bens.
- Enviar xunto coa xustificación, documentación gráfica da publicidade realizada referida aos bens adquiridos con cargo á subvención concedida.

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou das obrigas asumidas como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito ao seu disfrute ou á modificación da resolución de concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador conforme ao previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvención así como cantas responsabilidades de todo orde puidesen derivarse.

12. FASE DE XUSTIFICACIÓN E PAGO DA SUBVENCIÓN.

12.1. Prazo.

O prazo para a xustificación das subvencións será o 30 de abril de 2020 segundo establecen as bases reguladoras de convocatoria de subvención dirixidas a entidades privadas da Deputación da Coruña para a anualidade 2019.

12.2. Documentación para a realización do pago.

A subvención concedida farase efectiva logo da presentación da seguinte documentación xustificativa do cumprimento das condicións e da consecución dos obxectivos previstos na concesión:

- Memoria de xustificación de gastos (anexo V).
- Documentación gráfica da publicidade realizada e enlace á web da entidade, no seu caso.
- Facturas electrónicas ou escaneadas, correspondentes aos gastos efectivamente realizados no marco da presente convocatoria, ou documentos contables de valor probatorio equivalente. No caso de que as facturas non teñan os conceptos de gasto debidamente claros, deberán entregar documento aclaratorio do contido das mesmas. Só se admitirán dúas facturas máximo por concepto de gasto subvencionado e os conceptos contables contidos nelas deben tratar de axustarse aos conceptos subvencionados ao amparo desta convocatoria salvo conceptos inherentes a estes.
- Polo menos tres ofertas de distintas empresas proveedoras no caso de que o gasto sexa superior a 15.000 € (IVE excluído) para adquirir equipamento, nos termos do artigo 31.3. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, conforme co disposto na Lei galega 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Impreso de comunicación de alta de datos bancarios para o rexistro de terceiros a efectos de domiciliación dos importes que procede ordenar a Deputación Provincial da Coruña. (Dispoñible na plataforma SUBTeL no momento de enviar a xustificación).

No caso de que as facturas non estivesen pagas no momento da presentación da documentación xustificativa, o prazo para o pago das facturas correspondentes aos gastos realizados será de 1 mes desde ingreso da subvención.

Producirase o reintegro ou a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia das causas previstas nos artigos 31.4. b e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

12.3. Importe a xustificar e pago da subvención.

O pago da subvención farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o cal foi concedida e realizarase nun único pago.

O importe a xustificar será o importe total do orzamento de gasto aprobado para os conceptos de gasto subvencionados.

Recibida e revisada a documentación, a Deputación da Coruña realizará un control de verificación á entidade beneficiaria do cumprimento das esixencias declaradas e de non existir razóns en contra, a Deputación abonará o pago en función do importe efectivamente xustificado, ata un máximo do importe total da subvención concedida.

Os/as beneficiarios/ as deben utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por entidade financeira no que quede identificada a persoa beneficiaria, o importe e a data de pago (transferencias bancarias).

12.4. Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e o seu pago, terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique gasto por un importe igual ou superior ao investimento solicitado, abonarase a totalidade da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100%, pero superior ao 50% do investimento solicitado, abonarase a parte proporcional da subvención mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ao importe total dos gastos acreditados.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do investimento solicitado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se abonará cantidade ningunha, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador disposto nas normas de xeral aplicación.

13. CAUSAS EXCEPCIONAIS.

13.1. Desistencia ou renuncia á subvención.

Unha vez presentada a solicitude e antes da concesión, as persoas ou entidades solicitantes, poderán desistir da súa petición. A desistencia realizarase por escrito mediante a presentación do Anexo IV.

Unha vez publicada a resolución definitiva de concesión da subvención polo órgano competente, as entidades beneficiarias poderán renunciar á subvención por circunstancias excepcionais debidamente xustificadas axustándose ao modelo que se inclúe nos anexos desta convocatoria (anexo IV).

No caso de que as entidades beneficiarias non comuniquen a renuncia, entenderase que a subvención é aceptada.

13.2. Reintegro.

O/a beneficiario/a poderá renunciar á parte da subvención non aplicada e realizar a autoliquidación como medio dispoñible para que o/a beneficiario/a poida efectuar dun modo voluntario a devolución das posibles cantidades indebidamente percibidas ou ás que estivese obrigado a reintegrar. Este suposto de devolución voluntaria da subvención é de aplicación en calquera momento do período subvencionable.

14. INCUMPRIMENTOS E SANCIÓN. S.

O incumprimento dos prazos na presentación das solicitudes de axuda ou da corrección da documentación correspondente se procede, supoñerá a exclusión do proceso de valoración para o outorgamento da subvención.

No tocante á xustificación das axudas, se unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado nestas bases sen que a entidade presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirá para que a presente no prazo improrrogable de 15 días desde a notificación.

A falta de presentación da documentación neste prazo supoñerá a perda do dereito ao cobro da subvención outorgada, sen prexuízo das responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

O/a beneficiario/a poderá realizar unha autoliquidación para devolver voluntariamente as cantidades a reintegrar, sen prexuízo da tramitación do perceptivo expediente de reintegro.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda segundo a seguinte gradación:

- Atraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 10% do importe da subvención, co límite de 150 €.
- Atraso na presentación da xustificación dun mes ata tres: sanción do 20% do importe da subvención, co límite de 400 €.
- Atraso na presentación da xustificación de máis de tres meses: sanción do 30% do importe da subvención, co límite de 900 €.

Aplicarase a compensación para o cobro da sanción, agás que a entidade sancionada formule oposición á sanción ata que se resolva o recurso.

15. NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Para todo o que non estea previsto nestas bases será de aplicación a normativa seguinte:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Bases de execución do orzamento da Deputación da Coruña, vixentes no momento da concesión.
- Bases reguladoras de convocatorias de subvencións dirixidas a entidades privadas da Deputación da Coruña, vixentes no momento da concesión.
- Regulamento (UE) n.º 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352, do 24 de decembro).
- Regulamento (UE) n.º 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro).
- Regulamento (UE) n.º 717/2014, da Comisión, do 27 de xuño, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28 de xuño).
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.

A Coruña, 27 de xaneiro de 2020.

O PRESIDENTE

Valentín González Formoso

O SECRETARIO

José Luis Almu Supería